

RECOÑECEMENTO COMPETENCIAS PROFESIONAIS

CONVOCATORIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, publicou unha orde no DOG (Diario Oficial de Galicia) do 14 de decembro de 2018, pola que se convoca o **proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.**

Cualificacións profesionais:

- Administración e xestión:

- Actividades administrativas de recepción e relación coa clientela
- Actividades de xestión administrativa
- Xestión contable e de auditoría
- Administración de recursos humanos
- Xestión financeira
- Asistencia documental e de xestión en despachos e oficinas

- Agraria:

- Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes
- Aproveitamentos forestais
- Actividades de floraría
- Producción de sementes e plantas en viveiro

- Comercio e márketing:

- Actividades de venda
- Organización e xestión de almacéns
- Actividades de xestión do pequeno comercio
- Xestión comercial inmobiliaria

- Edificación e obra civil:

- Fábricas de albanelería
- Armaduras pasivas para formigón
- Cubricións inclinadas
- Encofrados
- Impermeabilización mediante membranas formadas con láminas
- Pavimentos e albanelería de urbanización
- Revestimentos con pastas e morteiros en construción
- Revestimentos con pezas ríxidas por adherencia en construción
- Colocación de pedra natural
- Instalación de placa de xeso laminado e falsos teitos
- Instalación de sistemas técnicos de pavimentos, empanelados e anteparos



- Pintura decorativa en construción
 - Representación de proxectos de edificación
 - Control de proxectos e obras de construción
- **Electricidade e electrónica:**
- Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións en edificios
 - Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión
 - Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas
 - Montaxe e mantemento de instalacións de megafonía, sonorización de locais e circuío pechado de televisión
 - Montaxe e mantemento de sistemas de telefonía e infraestruturas de redes locais de datos
- **Enerxía e auga:**
- Eficiencia enerxética de edificios
- **Fabricación mecánica:**
- Mecanizado por arranque de labra
 - Soldadura
 - Caldeiraría, carpintaría e montaxe de construcións metálicas
 - Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial
- **Hostalería e turismo:**
- Cociña
 - Repostaría
 - Pastelaría e confeitaría
 - Servizos de bar e cafetaría
 - Servizos de restaurante
 - Recepción
 - Xestión de pisos e limpeza en aloxamentos
 - Venda de servizos e produtos turísticos
 - Creación e xestión de viaxes combinadas e eventos
 - Promoción turística local e información a visitantes
 - Guía de turistas e visitantes
- **Imaxe e son:**
- Asistencia á produción en televisión
 - Asistencia á produción cinematográfica e de obras audiovisuais
 - Asistencia á produción de espectáculos en vivo e eventos
- **Imaxe persoal:**
- Servizos estéticos de hixiene, depilación e maquillaxe
 - Coidados estéticos de mans e pés
 - Peiteado
- **Industrias alimentarias:**
- Repostaría





- Panadería e bolaría
- Pastelaría e confeitaría

- **Informática e comunicacións:**
 - Sistemas microinformáticos
 - Montaxe e reparación de sistemas microinformáticos
 - Operación de redes departamentais
 - Operación de sistemas informáticos

- **Instalación e mantemento:**
 - Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas
 - Montaxe e mantemento de instalacións de climatización e ventilación - extracción
 - Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas
 - Montaxe, posta en servizo, mantemento e inspección de instalacións receptoras e aparellos de gas
 - Montaxe e mantemento de instalacións caloríficas

- **Madeira, moble e cortiza:**
 - Mecanizado de madeira e derivados
 - Acabamento de carpintería e moble
 - Montaxe de mobles e elementos de carpintería
 - Instalación de mobles
 - Instalación de elementos de carpintería

- **Química:**
 - Operacións en instalacións de enerxía e de servizos auxiliares
 - Operacións de movementos e entrega de produtos na industria química
 - Ensaio microbiolóxicos e biotecnolóxicos
 - Ensaio físicos e fisicoquímicos
 - Análise química

- **Sanidade:**
 - Transporte sanitario
 - Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes
 - Farmacia

- **Servizos socioculturais e á comunidade:**
 - Educación infantil
 - Educación de habilidades de autonomía persoal e social
 - Dinamización comunitaria
 - Inserción laboral de persoas con discapacidade
 - Mediación comunitaria
 - Atención ao alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE) en centros educativos
 - Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade

- **Téxtil, confección e pel:**



XUNTA
DE GALICIA

- Reparación de calzado e marroquinaría
- **Transporte e mantemento de vehículos:**
 - Pintura de vehículos
 - Mantemento de estruturas de carrozarías de vehículos
 - Mantemento de elementos non estruturais de carrozarías de vehículos
 - Mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóbiles
 - Mantemento do motor e os seus sistemas auxiliares
 - Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos
 - Mantemento do motor e dos sistemas eléctrico, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
 - Planificación e control da área de carrozaría
 - Planificación e control da área de electromecánica

Requisitos:

- Nacionalidade española, atoparse incluído como residente comunitario ou familiar deste, no ámbito de aplicación do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns da UE, ou ser titular dunha autorización de residencia en España en vigor.
- Ter feitos no momento de realizar a inscrición, 18 anos para as unidades de competencia correspondentes a cualificacións de nivel 1 e 20 anos para as unidades de competencia de nivel 2 e 3.
- Ter experiencia laboral e / ou formación non formal relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar.
 - ✓ Experiencia laboral: xustificar polo menos 3 anos, cun mínimo de 2000 horas traballadas en total nos últimos 10 anos, transcorridos antes de realizarse a convocatoria, para unidades de competencia de niveis 2 e 3, e para unidades de competencia de nivel 1, xustificar polo menos 2 anos cun mínimo de 1200 horas traballadas en total.
 - ✓ Formación non formal: xustificar polo menos 200 horas para unidades de competencia de nivel 1 ou 300 horas para as unidades de competencia dos niveis 2 e 3, nos últimos 10 anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria. Nos casos en que os módulos formativos asociados ás unidades de competencia que se pretendan acreditar prevexan unha duración inferior, deberanse acreditar as horas establecidas nestes módulos.
- Non estar matriculado/a e/ou cursando formación conducente á acreditación das unidades de competencia en que solicite a súa inscrición. Nin estar inscrito/a noutro procedemento de recoñecemento



da experiencia profesional ou nas probas libres para a obtención do título de formación profesional conducente á acreditación das mesmas unidades de competencia

Prazo: Dende o **14 de xaneiro ao 7 de febreiro de 2019**, ambos os dous incluídos

Importante: a **solicitud de participación** no procedemento **deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica** na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e requirirá cubrir previamente os datos na aplicación informática que se atopa no enderezo www.edu.xunta.es/acreditacion desde onde deberá xerarse o formulario normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 <https://sede.xunta.gal/chave365>

Os solicitantes que o necesiten serán asistidos en calquera centro educativo con formación profesional.

As persoas que non posúan DNI, NIE ou certificado electrónico aceptado pola sede electrónica da Xunta de Galicia, deberán xerar e imprimir a solicitude desde a aplicación informática e presentala, xunto coa documentación establecida no artigo 8.2. na secretaría do centro integrado de formación profesional (CIFP) onde se vaia desenvolver o procedemento segundo o recollido no anexo II da orde.

Para o caso de enviarse por correo, o envío da solicitude, deberá ser certificado, co selo de Correos no encabezamento da primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á finalización do prazo de presentación. Deberase xuntar copia compulsada da documentación que se precise.

Os/as solicitantes que participasen en convocatorias anteriores dentro dos últimos 5 anos e pasasen á fase de asesoramento e/ou de avaliación ou quedasen como reservas por non dispor de prazas vacantes, de participar na presente convocatoria e na mesma sede, non terán que presentar a documentación xa achegada. Tamén poderán acollerse na aplicación informática á opción de recuperar os datos cargados para actualizalos ou cargar unha solicitude de novo.



ENLACE Á ORDE DO DOG:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181214/AnuncioG0534-071218-0001_gl.pdf

INFORMACIÓN DA CONVOCATORIA E APLICACIÓN INFORMÁTICA

<http://www.edu.xunta.es/acreditacion>

OU CONTACTAR COA ORIENTADORA LABORAL

CASA DE PEDRA

981737004 / 653260746

margarita.seijas@camarinas.net

LUNS A VENRES: 8:00 - 15:00



XUNTA
DE GALICIA

SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL